

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 11 de outubro de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e corenta minutos do día once de outubro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde, Sr. Regades Fernández (Resolución do 10/10/17) por ausencia do Excmo. Sr. Alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1075).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1076).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “1º ULTRA TRAIL MONTES DE VIGO” O DÍA 14 DE OUTUBRO DE 2017. EXPTE. 16358/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado polo director deportivo-xefe da Unidade técnica, o concelleiro delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

**Antecedentes:**

A entidade Galicia Máxica Trail Adventure, con CIF (G-27782168), solicitou o día 05-09-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170120563), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 1º ULTRA TRAIL MONTES DE VIGO

- Data: 14 de outubro de 2017
- Horario: 08.00h a 22.00h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro sábado 14 de outubro de 2017, a proba terá a súa saída dende a rúa Lamelas para seguir por Seixa, Limpiño, Poza cabalo atravesar paseo Lagares, e seguir pola rúa Ufas, Xuncal e coller o sendeiro que está a continuación.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

## 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

## 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Galicia Máxica Trail Adventure, con CIF (G-27782168) a organizar o vindeiro sábado 14 de outubro de 2017, o evento deportivo denominado 1º ULTRA TRAIL MONTES DE VIGO, a proba terá a súa saída dende a rúa Lamelas para seguir por Seixa, Limpiño, Poza cabalo atravesar paseo Lagares, e seguir pola rúa Ufas, Xuncal e coller o sendeiro que está a continuación, o trail comenará ás 8.00h e rematará ás 22.00h.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1077).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE VEGO SUPERMERCADOS S.A.U. PARA A COLABORACIÓN NA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E DUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL. EXPTE. 12878/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10/10/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

## Antecedentes

1.- A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 20 de setembro de 2017, acordou inicialmente o procedemento administrativo para a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Vego Supermercados, S.A.U. tendente ao desenvolvemento de actividades dentro do programa municipal “Camiño a Camiño” e outras colaboracións en materia de sensibilización ambiental.

2.- O xefe do Servizo de Medio Ambiente redacta memoria xustificativa sobre o convenio de colaboración e redacta unha proposta de convenio.

3.- A entidade Vego Supermercados, S.A.U. achega escrito (doc.170138739) aceptando a proposta de convenio, achega certificacións de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Consta, tamén, copia da escritura pública de apoderamento do representante legal da entidade.

## Fundamentos de dereito

O Concello de Vigo, ao abeiro do establecido no artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, e nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., ten atribuído competencias no “medio ambiente urbano” e, tamén, na “ocupación do tempo de lecer”, fomento de hábitos de vida saudables.

A área municipal de Medio Ambiente, en virtude da resolución da alcaldía do 19 de xuño de 2015, exerce competencias en materia medioambiental, entre as que figuran, desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, fomentar hábitos de vida saudables.

Neste sentido o obxecto do convenio e a colaboración entre a Administración municipal e a entidade Vego Supermercados, S.A.U., en actividades cuxo obxectivo é a protección do medio ambiente, especialmente, urbano e ocupación do tempo de lecer nestas actividades medioambientais.

En concreto, a referida entidade colabora co Concello de Vigo:

- Colaborar no programa municipal Camiño a Camiño asumindo a contratación e custe das seis rutas por Vigo e Bisbarra, que se realizarán os días 15, 22 e 29 de outubro, 5, 12 e 19 de novembro de 2017; das previstas no proxecto de actividades de sensibilización medioambiental aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 28/09/2017, segundo expte. 12879/306, ata un importe máximo de quince mil (15.000,00) euros máis IVE, en colaboración co Concello de Vigo. Vego Supermercados, S.A.U. contratará e pagará directamente os servizos de organización e monitorizaxe das referidas actividades ata o importe citado.

Na difusión, a iniciativa do Concello de Vigo, nas tendas de Vego Supermercados, S.A.U en Vigo de material promocional e de apoio do programa Camiño a Camiño.

Na xestión de residuos e reciclado dos consumidores.

Pola súa banda, o Concello obrigaríase a incluír o logotipo e nome da entidade mercantil nas accións divulgativas das actividades do programa “Camiño a Camiño” que desenvolva, tamén, en folletos ou calquera outra información de difusión pública do programa.

O obxecto deste convenio está excluído do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) ao abeiro do establecido no artigo 4.1.d) e habida conta que o Concello de Vigo non efectúa ningunha disposición dineraria en favor da referida entidade mercantil conveniente, tampouco cabe suxeitar este á lexislación de subvencións (artigo 2.1. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións “a sensu contrario”).

O convenio de que se trata é un convenio de colaboración dos que, con carácter xeral, ao abeiro dos artigos 47.2.c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 5 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación cos artigos 111 do Rdl 781/1986, de 2 de abril, 4.2. e 25 do TRLCSP, poden celebrar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, no presente caso a protección do medio ambiente.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persigue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido.

Pola súa banda, consta no expediente a documentación legalmente esixida e o esquema do convenio axústase ao establecido na base 40ª.4. das de execución do vixente orzamento municipal e artigos 47 a 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O convenio proposto non implica gasto ningún para o Concello de Vigo.

É competente para a aprobación do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigo 4.2. e Disposición adicional segunda do TRLCSP.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

Aprobar a proposta de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U. para o desenvolvemento de actividades de sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, especialmente urbano, ocupación do tempo de lecer e fomento de hábitos de vida saudables en actividade medioambientais conforme aos informes e documentación obrante no expediente número 12878/306 e co texto que de seguido se indica.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE “VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U.”*

*(GRUPO VEGALSA-EROSKI)*

*En Vigo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezasete.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.*

*E doutra, D. Joaquín González Iglesias, director xeral da entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U. (pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI), con CIF A-36651313, e domicilio Social en rúa Gambrinus nº11, 15008-La Coruña, na representación desta, segundo resulta da Escritura de Poder realizada ante o Notario de Vigo Don Gerardo García Boente Sánchez, en fecha 29/12/1998, co número 3666 do seu Protocolo.*

*Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*1. O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.*

*A área municipal de Medio Ambiente e Vida Saudable ten atribuído, en virtude da resolución da alcaldía do 19 de xuño de 2015 (BOP 14/07/2015), competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente e, tamén, o fomento de hábitos de vida favorables.*

*Neste sentido, o Concello de Vigo: a través da Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos dentro do programa “camiño a camiño” e outros.*

*Estas actividades medioambientais tentan achegar a cidadanía á natureza, aos recursos naturais, á flora e fauna existentes na nosa contorna, fomentando hábitos de vida saudables, sustentables, ocupación do tempo de lecer, mediante camiñatas, accións formativas dando a coñecer a natureza de Vigo, a comarca e Galicia enteira, na que participan anualmente un elevado número de veciños e que, en definitiva, pretende fomentar a sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente urbano.*

*A promoción de boas prácticas cidadás relativas á xestión sustentable dos residuos, a reciclaxe, a eficiencia enerxética e outros que contribúen á utilización responsable dos recursos dispoñibles.*

A Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable, autorizou en sesión do 28/09/2017, o proxecto de actividades de sensibilización medioambiental a desenvolver de outubro a novembro de 2017, segundo expte. 12879/306.

2. Que Vego Supermercados, S.A.U. é unha compañía galega de distribución alimentaria pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI, con presenza en todo o territorio galego, mediante 240 supermercados, 9 plataformas de distribución e redistribución de mercadorías; frota de camións e unha Escola da Distribución Alimentaria; ten máis do 20% da cota do sector en Galicia, emprega a 4.500 traballadores, sendo a sexta empresa do país pola súa facturación; ten entre os seus valores o respecto ao medio ambiente e o desenvolvemento de políticas de sustentabilidade.

3. Que a compañía, fundada en Vigo por Ventura González Prieto, mantén na rúa Ventura González Prieto (antes rúa Troncal) unha Plataforma de distribución, con Vego Supermercados, S.A.U e outras empresas do grupo. Dispón de 500 traballadores en persoal en Vigo, con vinte tendas, oficinas centrais e unha plataforma loxística.

4. Que entre as súas actuacións desenvolve o proxecto "Desenvolvemento Sustentable. Residuo Cero" que valorou o conxunto de actividades e melloras ambientais posto en marcha pola compañía e do cal se expón o "proxecto Tenda Sustentable". Desenvolve ademais unha campaña anual de sensibilización ambiental dirixida aos seus clientes e á sociedade galega, centrada nos máis pequenos coa lema "Dálle cor á natureza". Igualmente realiza unha actuación anual de "Plantación de Árbores" na que implica aos seus traballadores, como compensación do CO2 emitido pola súa frota de camións e o conxunto da súa actividade.

O proxecto "Tenda Sustentable" recolle as propostas e investimentos do Grupo VEGALSA-EROSKI no medio ambiente e sustentabilidade, así como un conxunto de accións concretas de eficiencia enerxética e de plans de xestión de residuos, reciclado, aforro de auga, control de emisións, procesos loxísticos e medio ambiente, etc., a implantar tanto nas tendas das distintas insignias como nos sistemas centrais de xestión da compañía, nas plataformas de distribución e na frota de vehículos.

5. Ámbalas dúas partes pretenden desenvolver accións conxuntas de sensibilización e educación medioambiental cara a protección do medio ambiente.

Ambas as partes consideran a conveniencia de establecer este convenio de colaboración e

### **ESTIPULAN**

**PRIMEIRO.-** Que a entidade Vego Supermercados, S.A.U. comprométese a colaborar, no que lle fose posible, co Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente de Vigo e Vida Saudable, no marco dos seus programas de sensibilización e educación ambiental e, en particular, a:

- Colaborar no programa municipal Camiño a Camiño asumindo a contratación e custe das seis rutas por Vigo e Bisbarra, que se realizaran os días 15, 22 e 29 de outubro, 5, 12 e 19 de novembro de 2017; das previstas no proxecto de actividades de sensibilización medioambiental aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 28/09/2017, segundo expte. 12879/306, ata un importe máximo de quince mil (15.000,00) euros máis IVE, en colaboración co Concello de Vigo. Vego Supermercados, S.A.U. contratará e pagará directamente os servizos de organización e monitorizaxe das referidas actividades ata o importe citado, sempre e cando a entidade que realice as citadas actividades se obrigue a realizalas e as realice nos mesmos termos contemplados no proxecto aprobado, emita a correspondente factura en forma, e se encontre habilitada e ó corrente das súas obrigas legais de todo tipo, que eximan ou releven a

Vego Supermercados, S.A.U. de calquera responsabilidade derivada daquelas (obrigas tributarias, de persoal, de riscos laborais, seguro de responsabilidade civil, etc.). Noutro caso, ditas actividades substituiráanse por outras das contempladas no proxecto que si reúnan ditas características.

- Difundir, a iniciativa do Concello de Vigo, nas tendas de Vego Supermercados, S.A.U en Vigo material promocional e de apoio do programa Camiño a Camiño, o cal lle será proporcionado de forma totalmente gratuíta polo Concello de Vigo ós devanditos efectos.

- Colaborar cos medios que lle fose posible na xestión de residuos e reciclado dos consumidores.

- Calquera outra actuación que ámbalas dúas partes acorden en referencia ao medio ambiente e desenvolvemento sustentable.

**SEGUNDO.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Incluír o logotipo e nome (razón social ou denominacións comerciais, segundo proceda) da entidade mercantil nas accións divulgativas das actividades do programa camiño a camiño que desenvolva, incluíndo expresamente a súa referencia en folletos e calquera outra información de difusión pública do programa.

Non se consideran accións divulgativas a información do programa na páxina web do Concello de Vigo.

O Concello de Vigo emitirá o xustificante fiscal que resulte oportuno polo importe obxecto da achega económica pactada na anterior estipulación.

O Concello de Vigo será responsable integramente dos contidos dos devanditos programas e accións divulgativas, toda vez que é o creador destes.

**TERCEIRO.-** Tódalas accións de difusión do programa “camiño a camiño” e demais campañas de sensibilización ambiental derivadas deste convenio, deberán partir do Concello de Vigo e de conformidade coas súas instrucións, quedando expresamente prohibido á entidade mercantil conveniente realizar as devanditas actividades divulgativas sen expresa autorización do Concello de Vigo.

**CUARTO.-** O presente convenio terá vixencia de un ano a partir da data da súa sinatura e non poderá prorrogarse.

En todo caso, se á citada data, se encontrase en proceso algunha das accións ou campañas de colaboración derivadas do presente convenio, manteranse os dereitos e obrigas de ambas partes derivados do Convenio ata a finalización desta, conforme ó prazo ou datas de duración establecidas polo Concello de Vigo.

**QUINTO.** - Para o seguimento e control do cumprimento do convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constituirase unha Comisión de Coordinación da que formen parte dous representante da mercantil Vego Supermercados, S.A.U., a concelleira da Área Medio Ambiente que actuará como presidenta e un técnico municipal deste servizo.

Esta comisión reunirse no prazo de cinco días a contar da petición expresa realizada por calquera das partes, no Concello de Vigo.

**SEXTO.-** A mercantil Vego Supermercados, S.A.U está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente.

A referida entidade poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente.

O Concello de Vigo recoñece expresamente que a mesma información lle foi facilitada por Vego Supermercados, S.A.U. en relación ós datos de carácter persoal contidos no presente documento, que serán asimesmo incorporados ós ficheiros correspondentes daquela e tratados ós fins derivados do Convenio, podendo exercitar o Concello de Vigo os dereitos de acceso, rectificación oposición e cancelación ante a entidade Vego Supermercados, S.A.U. no seu domicilio social.

**SÉTIMO.-** O presente convenio ten natureza administrativa, non se considera un contrato administrativo ó abeiro do establecido no artigo 4.1.d) do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, rexerese pola súa normativa específica, aplicándose os principios da lei de contratos para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, polos pactos que se conteñen neste convenio, as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. No suposto de diverxencias na interpretación e execución deste, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativa a competente para a súa resolución.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan este convenio por duplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data indicada no seu encabezamento.

**4(1078).- PROPOSTA DE CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTO NO ART. 10.1. DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TREBEP, COMO TÉCNICO/A DE XESTIÓN. EXPTE. 30692/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 4/10/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

**Antecedentes:**

En data 05 de maio de 2017, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, á vista da solicitude formulada polo Xefe do Servizo Administrativo e Control orzamentario da Área de Fomento, conformada polo 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza, en data 21 de abril de 2017, ordena a iniciación dun expediente administrativo para a elaboración dunhas bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Técnico/a de Xestión.



A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 25 de maio de 2017, aprobou as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como **Técnico/a de Xestión**, expte. 30072/220.

Así mesmo, en sesión ordinaria de data 01 de xuño de 2017, a Xunta de Goberno Local, aprobou a rectificación do erro detectado nas devanditas bases, expte. 30059/220.

En data 22 de xuño de 2017, publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 119, anuncio das bases reitoras do proceso selectivo así como a rectificación de erro das mesmas.

Na base IV da convocatoria, último parágrafo, establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do EBEP.

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, adoptou acordo de aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, expte. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

*“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demais normativa de concordante e procedente aplicación.*

*A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:*

*a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.*

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;
- supostos de incapacidade temporal (IT);
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de **3 anos**.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas”.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, adoptou acordo de modificación puntual dos referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”.

Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, na súa sesión de data 26 de setembro de 2017, formulou a correspondente proposta das opositoras aptas para confeccionar a bolsa de emprego de Técnico/a de Xestión, segundo a seguinte relación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	1º EX.	2º EX.	3º EX.	TOTAL
1	GONZÁLEZMARTÍ-NEZ	INÉS	*****535V	9,20	9,50	2,00	20,70
2	GALLEGO SANTOS	RUTH MARIA	*****160B	8,60	9,30	2,00	19,90
3	FREIRE QUINTAS	MARTA	*****053R	7,80	7,40	2,00	17,20
4	GALLEGO SOTELO	MARIA DOLORES	*****281E	7,50	6,00	2,00	15,50
5	UGARTE ALONSO	BEATRIZ	*****629K	5,50	8,30	1,28	15,08
6	CHAPELA GALLEGO	MARIA DOLORES	*****695W	5,70	7,30	2,00	15,00
7	SANTERO GARCIA	MÓNICA MARIA	*****736J	7,80	5,00	2,00	14,80
8	PEREZ LORENZO	NOA	*****641H	5,20	6,20	2,00	13,40
9	PEREZ GONZALEZ	CRISTINA	*****610E	5,40	5,30	1,05	11,75

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, coa conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Técnico/a de Xestión, ordenada por orde de puntuación de maior a menor, e que inclúe ás aspirantes en condicións de ser nomeadas funcionarias interinas prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Técnico/a de Xestión, segundo proposta do Órgano de Selección contida na acta de data 26 de setembro de 2017, que forma parte inseparable do citado acordo, segundo relación seguinte:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	1º EX.	2º EX.	3º EX.	TOTAL
1	GONZÁLEZMARTÍ-NEZ	INÉS	*****535V	9,20	9,50	2,00	20,70
2	GALLEGO SANTOS	RUTH MARIA	*****160B	8,60	9,30	2,00	19,90
3	FREIRE QUINTAS	MARTA	*****053R	7,80	7,40	2,00	17,20
4	GALLEGO SOTELO	MARIA DOLORES	*****281E	7,50	6,00	2,00	15,50
5	UGARTE ALONSO	BEATRIZ	*****629K	5,50	8,30	1,28	15,08
6	CHAPELA GALLEGO	MARIA DOLORES	*****695W	5,70	7,30	2,00	15,00
7	SANTERO GARCIA	MÓNICA MARIA	*****736J	7,80	5,00	2,00	14,80
8	PEREZ LORENZO	NOA	*****641H	5,20	6,20	2,00	13,40

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	1º EX.	2º EX.	3º EX.	TOTAL
9	PEREZ GONZALEZ	CRISTINA	*****610E	5,40	5,30	1,05	11,75

Segundo.- Dispoñer que a referida lista servirá como lista complementaria da derivada da execución da Bolsa de emprego cuxas Bases específicas e convocatoria foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 13 de maio de 2016 con rectificación de erros de data 03 de xuño de 2016 e publicadas no BOP nº 135 de data 15 de xullo de 2016 e terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria de Oferta de Emprego Público, expirando a súa validez aos tres anos dende a adopción do presente acordo.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(1079).- INDEMNIZACIÓN POR RAZÓN DE SERVIZO DE VARIOS SERVICIOS MUNICIPAIS. EXPTE. 30756/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/10/17, dáse conta do informe-proposta do 9/10/17, asinado pola técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Na Área de Recursos Humanos e Formación teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos a indemnizacións por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.

Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais de Vías e Obras, Ospio, Desenvolvemento Local e Emprego, Conserxería, Seguridade e Mobilidade, Servizos Económicos (Inspección Tributos), Cemiterios, Museos e Benestar Social.

En tódolos expedientes relacionados inclúese orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto indicando éstas en cada caso, data, identificación do empregado municipal, percorrido e número de quilómetros correspondentes a cada ún deles, así como a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.

A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.

Compróbase a concordancia dos datos que figuran no sistema de control de presenza en concepto de saídas por motivos de traballo (código 02) cos datos individuais de cada un dos empregados municipais propostos así como demais ausencias (vacacións, permisos, etc).

No caso do expediente 80273-250, a Comisión de Goberno en data 20/10/2003 acordou recoñecer unha indemnización por importe de 120,20 € mensuais ao funcionario con número de persoal 78966, actualmente Xefe da Unidade de Mantemento dos Viais Municipais. Incorpórase en dito expediente relación dos servizos encomendados consistentes no control das obras de mantemento, medición e toma de datos para a redacción de proxectos, subdirección de obras municipais, supervisión de proxectos, informes de expedientes que afectan á vía pública, etc., incluíndo relación de expedientes e localización das obras. Procédese por este servizo de Recursos Humanos a comprobar se proceden ou non deducións do citado importe, polos días nos que o empregado puidera disfrutar de vacacións, asuntos propios, permisos, etc, tal e como se recolle no Acordo citado.

Tendo en conta o importe unitario por Km. percorrido establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orden ministerial 3770/2005, de 1 de decembro, que actualiza o importe da indemnización por uso do vehículo particular, e o nº de Km. que figuran en cada unha das relacións asinadas polas xefaturas de Servizo e conformadas polos concelleiros/as-delegados correspondentes, o importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por esta área, supón un importe de **8.879,02 €.**

A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir das indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétese no listado subseguinte -que comeza polo empregado público con número de persoal 11682 e que remata co empregado con número de persoal 79557-:

Nº Expte.	Servizo	DNI	Nº Pers	Mes/período	Importe
80270-80369-80627/250	VÍAS E OBRAS	*****815-J	11682	Xuño-setembro	778,43 €
80742-80273/250		*****182-H	78966	2º trim. 2017	340,57 €
3537-3558/443 3588/443	OSPIO	*****730-J	79185	Xuño-xullo	543,97 €
		*****817-X	17489	Xuño-agosto	608,00 €
14386-14441/77	D.L.EMPREGO	*****232R	13920	Xullo-setembro	104,63 €
483-487/201 493-494/201	CONSERXERÍA	*****162-E	13706	Xuño-setembro	949,62 €
		*****496-H	17822	Xuño-setembro	910,29 €

170095322	SEGURIDADE E MOBILIDADE	*****643-B	15303	Xullo-setembro	479,37 €
170108397		*****314-D	15355	Xullo-setembro	477,66 €
170119787		*****371-N	15480	Xullo-setembro	416,10 €
34909/502 34934/502 34936/502	SERV. ECONÓM.	*****018-D	15510	Xuño-agosto	546,06 €
		*****726-R	11529	Xuño-agosto	432,63 €
		*****647-F	9550	Xuño-agosto	629,85 €
		*****131-E	8361	Xuño-agosto	597,93 €
		*****315-S	23656	Xuño-agosto	800,66 €
11194- 11206/255	CEMITERIOS	*****284-W	76430	Xullo-agosto	208,62 €
170095614	MUSEOS	*****376-C	18543	xullo	5,13 €
143262- 146040- 146268- 146269- 146064/301	B. SOCIAL	*****105-M	82992	Xuño-agosto	39,91 €
		*****076-R	78716	Xullo-agosto	6,27 €
		*****793-E	79557	agosto	3,32 €
<b>TOTAL</b>					<b>8.879,02 €</b>

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017.

II.- Artigos 10, 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2017.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" e aplicación 337.1.23020000 "Dietas do persoal" dos vixentes Orzamentos Municipais e conseguíntes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2017.

V.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

## ACORDO :

“Aprobar o gasto por un importe de **8.879,02 €.**, correspondente aos **desprazamentos** efectuados por persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos na área de Recursos Humanos e Formación, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou áreas e contan coa conformidade dos concelleiros/as-delegados/as das áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza polo empregado público con número de persoal 11682 e que remata co empregado con número de persoal 79557-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 231.2 -Gastos de Locomoción.

Das seguintes partidas funcionais:

NÚM. PARTIDA	SERVIZO	TOTAL
1532	Vías e Obras - Ospio	2.270,97 €
2410	Desenvolvemento Local e Emprego	104,63 €
9200	Conserxería	1.859,91 €
1330	Mobilidade e Seguridade	1.373,13 €
9320	Servizos Económicos	3.007,13 €
1640	Cemiterios	208,62 €
3371	Museos	5,13 €
2310	Benestar Social	49,50 €
	<b>TOTAL</b>	<b>8879,02</b>

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(1080).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 98714/210.**

Dáse conta da proposta asinada o 9/10/17, pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 9 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo (98.714-210)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das seguintes exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:

- Sesión do 5 de outubro de 2017: exclúese a SEROVIAL, S.L. por non axustarse a súa proposición técnica ao disposto no prego de prescricións técnicas particulares (motivo de exclusión previsto na cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares).
- Sesión do 9 de outubro de 2017: exclúese a SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A. por “*apartarse substancialmente do modelo establecido*” (cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo (98.714-210) na seguinte orde descendente:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
API MOVILIDAD, S.A.	99,40
ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	72,85
PROSEÑAL, S.L.U.	67,92
FERROSER INFRAESTRUCTURAS, S.A.	66,55
TECNIVIAL, S.A.	66,39

Terceiro.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, API MOVILIDAD, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requiritr ao citado licitador o aboamento de 1.897,92 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

### **Acordo**



A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE,  
David Regades Fernández.